

DECRETO polo que se regula a ATENCIÓN Á DIVERSIDADE do alumnado

Antes de entrar a valorar o articulado do borrador que nos presenta a Consellaría queremos facer as seguintes valoracións xerais. Dende o STEG pensamos que a atención á diversidade é un tema de grande importancia que inflúe directamente no desenvolvemento do noso labor docente, que é, ademais, un dos grandes avances na lexislación establecidos pola LOXSE; non obstante, malia iso, é un tema difícil de abordar dende os centros educativos, ben por falta dunha formación e información de calidade, ben por falta de recursos persoais e materiais.

Entrando xa en materia do articulado, salientamos a óptima exposición de motivos, na que se recolle todo o espírito da LOE en canto a atención á diversidade, apostando pola inclusión e a equidade, polo traballo en equipo e pola non discriminación á hora de organizar a resposta educativa do alumnado. Con todo, se é certo que se quere apostar por unha educación inclusiva e pola equidade, a Administración terá que tomar en serio os seguintes aspectos que non se mencionan en todo o articulado do Decreto:

- a formación do profesorado especialista que traballa dende os DO dos centros, desde os EOE; e
- a dotación dos recursos persoais suficientes para poder atender a todas as necesidades que se detecten nos centros.
- as medidas extraordinarias (adaptación curricular...), non significa que sexan excepcionais: deben xeneralizarse en todos os centros como medidas básicas para a atención educativa;
- no Preámbulo sinálanse algunhas necesidades de persoal para mellorar a atención á diversidade, que logo en ningún momento atopan cabida no articulado do Decreto.

Así mesmo, observamos dous aspectos básicos que son susceptibles de ser mellorados:

En canto á **ESTRUTURA**, entendemos que a organización dos apartados e os seus contidos é confusa, quizais como consecuencia de que este Decreto sexa o resultado de refundir nun único texto todas as medidas que xa aparecían recollidas nas circulares, ordes e decreto anteriores de atención á diversidade, sendo de notar, neste sentido, que agás os artigos 28 e 30, este borrador non achega nada novo;

En canto á **TERMINOLOXÍA**, sería preciso coidala ao longo do documento, pois se emprega de xeito pouco preciso; neste sentido, propomos que se recolla o ditado pola LOE, que a respecto do **Alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo** establece, no Capítulo I (*Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo*) do Título II (*Equidade na educación*), os seguintes tipos:

- **alumnado que presenta necesidades educativas especiais;**
- **alumnado con altas capacidades intelectuais;** e
- **alumnado con integración tardía no sistema educativo español.**

Pois entendemos que o termo alumnado con necesidade específica de apoio educativo abrangue a todos os demais.

Tamén a nivel terminolóxico, pero noutra cuestión, pedimos que se mude a referencia que se fai ao longo do texto aos recursos humanos, nós entendemos que se debe falar de recursos persoais.

Por todas estas razóns e polas que imos explicar ao tratar o articulado, dende o STEG pedimos unha mesa específica para regular a orientación educativa, que queda obsoleta con este novo Decreto.

A respecto do articulado deste Decreto:

- No **Preámbulo** botamos en falta, no repertorio de leis e decretos que se complementan con este Decreto, a Lei 27/2005 de fomento e educación para a paz e, inclusive, o D 85/2007, do Observatorio Galego de Convivencia.

[CONTESTAN QUE SE INCLUIRÁ A LEXISLACIÓN PARA MELLORAR O TEXTO.](#)

- No **artigo 4** (*Principios xerais de actuación*), preguntámonos como se van materializar as “decisións pedagóxicas, organizativas e de xestión” a que se refire a **alínea 3**.

NON CONTESTAN

- No **artigo 5** (*Actuacións da administración educativa*), como se vai garantir a equilibrada escolarización do alumnado con necesidade específica de apoio educativo a que se refire a **alínea 1**. Vai continuar a zonificación que está en vixencia en moitas cidades? Sabemos que hai moito alumnado con necesidades específicas de atención educativa que recae sempre nos mesmos centros... Queremos saber que ten pensado a Administración ao respecto?

NON CONTESTAN

- No **artigo 6** (*Actuacións dos centros docentes*),
 - o queremos saber como se van a realizar as accións a que se refire a **alínea 2** e pedimos que sexan desenvoltas por profesorado especialista;
 - o estando de acordo en optimizar os recursos, na liña do que se di na **alínea 5**, consideramos que se debe engadir que se implementarán os recursos cando sexa necesario;
 - o a respecto da **alínea 6**, entendemos que non é axeitado empregar neste contexto o termo potenciar; neste sentido, entendemos que debería quedar reflectida a obrigatoriedade das reunións semanais da xefatura do DO co profesorado titor (a experiencia pode abalar que os centros nos que se desenvolven as reunións semanais co profesorado titor é moito máis eficiente o traballo tanto da orientación como da tutoría), pois entendemos que se non figura expresamente que as reunións sexan obrigatorias, será unha opción que poderán elixir ou rexeitar os ED dos Centros. Así mesmo, esta obrigatoriedade debe incorporarse no novo decreto de Regulamento Orgánico de Centros;
 - o entendemos que a participación do profesorado en actividades de formación e innovación, así como o intercambio de experiencias no ámbito da atención á diversidade, a que se refire a **alínea 8**, debe ser unha responsabilidade da Administración, polo que solicitamos que se incorporen o artigo 5.

NON CONTESTAN

- Despois do **artigo 7**, no que se fai referencia, entre outras, ás medidas preventivas, entendemos que se debería incluír un artigo específico destinado a este tipo de medidas.

NON CONTESTAN

- Á marxe de que o **artigo 8** (*Medidas ordinarias*) semella un remuíño de ideas máis que un artigo dun Decreto, atopamos as seguintes eivas ou inconcrecións:
 - o como se van adaptar as programacións didácticas ao alumnado se en toda Galiza se empregan libros de texto, unha práctica promovida insistentemente pola Administración, que unicamente convoca axudas á compra de libros de textos;
 - o cómpre investir maiores esforzos e recursos económicos en formar ao profesorado para traballar coas metodoloxías baseadas no traballo cooperativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión que se propoñen nesta alínea;
 - o cómpre enmarcar as aulas de convivencia nun plan de convivencia e as súas actuacións deberán garantir realmente unha mellora na convivencia do centro;
 - o preguntámonos, tamén, como se van desenvolver os desdobramentos de grupos se cada vez hai menos profesorado;
 - o pedimos redución das ratios

A ADMINISTRACIÓN CONTESTA QUE HABERÁ O COMPROMISO DE REDUCCIÓN DE RATIOS NOS CASOS QUE PROCEDA.

- o o reforzo educativo e apoio (utilizada pola Administración ás veces como substitución), por ser unha medida ordinaria, entendemos que ten que ser dentro da aula, e así debería constar;
- o quen vai ser o responsable da elaboración de todos os programas que se citan neste artigo e quen vai realizar os seu seguimento e avaliación?;
- o así mesmo, botamos en falta unha formación especial para a elaboración de programas.

NON CONTESTAN

- Con respecto ás *medidas extraordinarias* recollidas no **artigo 9**, pedimos:
 - o que os agrupamentos flexibles sigan a ser considerados medidas ordinarias;

A ADMINISTRACIÓN RESPONDE QUE O CONSIDERAN UNHA MEDIDA EXTRAORDINARIA.

- o que o apoio do profesorado especialista en pedagogía terapéutica e/ou en audición e linguaxe sexa unha medida extraordinaria pero habitual nos centros;
- o que os programas de diversificación curricular sexa unha medida extraordinaria pero habitual nos centros;

NON CONTESTAN

- o que os grupos de adquisición de linguas sexan para o alumnado estranxeiro, debendo figurar, ademais, que a lingua de apoio debe ser a galega.

NON CONTESTAN

- A respecto da *Elaboración e relación co proxecto educativo (artigo 11)*, entendemos que:
 - o o equipo directivo será o responsable do desenvolvemento, seguimento e avaliación do plan xeral de atención á diversidade xunto coa Xefatura do DO, que é responsable da súa elaboración;
 - o o equipo directivo incorporará a concreción anual do plan xeral de atención á diversidade á programación xeral anual, velando polo seu cumprimento e realizando a avaliación e memoria correspondentes xunto coa Xefatura do DO, que é responsable da súa elaboración;
 - o así mesmo, preguntámonos como se incardina este Plan no Plan de orientación educativa? Incluirase dentro do Plan de orientación anual? Esta é unha mostra do obsoleta que queda a lexislación actual de orientación, que ata agora abrangía:
 - Potenciación da acción tutorial,
 - Atención á diversidade e
 - Orientación académica-profesional.

A ADMINISTRACIÓN RESPONDE AO RESPECTO QUE A REDACCIÓN É MELLORABLE.

- No **artigo 12 (Estrutura)**, botamos tamén en falta algunhas eivas e inconcrecións:
 - o a respecto dos mecanismos de coordinación e colaboración internos así como con outras etapas educativas e cos centros adscritos ou de adscrición, deberán establecerse nalgún sitio os mecanismos de colaboración e coordinación, sexa aquí ou no ROC;
 - o a que servizos externos se fai referencia cando se mencionan a necesidade de crear canles de colaboración coas nais, pais ou titores legais do alumnado e cos diferentes servizos externos ao centro;
 - o aínda que non se fai mención expresa, entendemos que da elaboración dos protocolos para a

solicitude e/ou autorización das medidas extraordinarias debería encargarse a Administración co fin de unificar criterios para todo o país.

NON CONTESTAN

- A respecto do **artigo 13** (*Seguimento, avaliación e memoria*), preguntámonos o seguinte:
 - o se a memoria a que se fai alusión na **alínea 2** se vai integrar na memoria anual do centro e mais na memoria do DO;

ACEPTAN A PETICIÓN.

- o quen vai ser o responsable do seguimento e a avaliación do Plan xeral de atención á diversidade, que dende o STEG entendemos que debe ser o ED e mais a xefatura do DO.

NON CONTESTAN.

- No **artigo 15** (*Consideracións xerais*) demandamos que se retire das orientacións que deben rexer a escolarización do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos a referencia á “liberdade de elección de centros”; neste sentido, lembrámoslle á Administración que nos procesos de escolarización o que máis puntúa é a zona educativa de residencia, non ir ao centro que se quere.

NON CONTESTAN

- A respecto do **artigo 16** (*Modalidades de escolarización*), preguntámonos o seguinte:
 - o vaise contemplar no horario, que deberá ser incorporado nos ROC, a coordinación do profesorado dos centros afectados por unha escolarización combinada para a planificación, atención e avaliación do alumnado afectado á que se fai referencia na **alínea 2**?
 - o quen vai facer e como se vai facer a revisión periódica a que estará sometida a escolarización do alumnado nunha modalidade diferente da ordinaria?

NON CONTESTAN

- Pedimos a modificación do **artigo 17** (*Escolarización nos centros ordinarios*) por cuestión pedagóxicas, pois non estamos de acordo en que na Educación Infantil se poida flexibilizar un ano máis, nin que se estea abordando a escolarización no primeiro ciclo da Educación Infantil (é competencia doutra Consellería) ou que se repita de novo na Educación Secundaria.

A ADMINISTRACIÓN RESPONDE QUE XA ESTABA CONTEMPLADO NOUTRA NORMATIVA.

- Pedimos a retirada do **artigo 18** (*Escolarización en centros de escolarización preferente*), por entender que vai en contra da inclusión e da verdadeira atención á diversidade. Neste sentido, entendemos que se deberían achegar os recursos ao alumnado, non o alumnado aos recursos, polo que botamos en falta unha aposta clara por parte da Administración para dotar aos centros de medios, tanto persoais como materiais, para a atención á diversidade e non traballar para a creación de pequenos guetos en determinados centros educativos.

NON CONTESTAN

- A respecto do **artigo 19** (*Escolarización en unidades de educación especial*), preguntámonos se a ausencia de referencias ás aulas habilitadas de educación especial, ás que se refire o **artigo 40 da Orde 27/12/2002**, onde se regulan esas aulas, significa que deixan de existir.

NON CONTESTAN

- No articulado do **Capítulo IV** (*Promoción da escolarización e da formación*), pensamos que se debería incluír un artigo que faga referencia ao alumnado procedente do estranxeiro, así como os protocolos previos á súa escolarización, anteriores ao plan de acollida no centro.

A ADMINISTRACIÓN RESPONDE QUE NON SE INCLÚE UN ARTIGO NOVO PORQUE ESTE ALUMNADO ESTÁ INCLUÍDO NO ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO.

- A respecto do **artigo 21** (*Promoción da escolarización*), preguntámonos e demandamos o seguinte:
 - o en que está pensando a Administración cando fala de entidades privadas neste artigo, pedimos que se concrete a entidades privadas sen ánimo de lucro, de non ser o caso, que se retire a colaboración con entidades privadas.

A ADMINISTRACIÓN RESPONDE QUE INTENTARÁN MELLORAR A REDACCIÓN AO RESPECTO. ACEPTASE REDACTAR: INSTITUCIÓN PRIVADAS SEN ÁNIMO DE LUCRO.

- o entendemos que para “promover o deseño e aplicación de programas específicos de atención á diversidade para aquel alumnado que presente dificultades de inserción e/ou adaptación escolar, coa finalidade de favorecer a súa integración no centro e promover a adquisición dos obxectivos e das competencias da etapa mediante unha metodoloxía adaptada ás súas necesidades e intereses” a que se alude na **alínea 2**, é precisa a incorporación de traballadoras e traballadores sociais nos DO, polo que pedimos que se inclúa aquí esa referencia;
 - o Pedimos que se concreten as medidas nas que está a pensar a Administración para “fomentar a permanencia do alumnado nas ensinanzas postobrigatorias, tratando de evitar o abandono escolar mediante unha adecuada oferta formativa e de programas para a transición á vida adulta e laboral, así como de medidas relativas á conciliación da vida escolar, laboral e familiar”, a que se fai mención na **alínea 4**.
- A respecto do **artigo 22** (*Escolarización irregular, absentismo, abandono escolar temperán e desescolarización*), entendemos que sería necesario ter nos centros protocolos de actuación, elaborados e facilitados dende a Administración co fin de unificar criterios, para cada un dos casos aos que se refire o artigo.

A ADMINISTRACIÓN DINOS QUE ESTÁ A DESENVOLVER OS PROTOCOLOS QUE SOLICITAMOS PARA ARTELLAR ESTAS SITUACIÓNS.

- No **artigo 23** (*Mecanismos de prevención, seguimento e control*), atopamos nas alíneas 2 e 3, unha consecuencia da falta de protocolos que mencionamos ao referirnos ao artigo 22: fálase de aplicar os protocolos que correspondan, pero non se menciona quen os elabora nin como chegan aos centros; así mesmo, no caso concreto ao que se refire a **alínea 2**: “estableceranse mecanismos de coordinación entre as institucións educativas e os poderes públicos con competencias, para previr, detectar e abordar as situacións de absentismo, desescolarización e abandono escolar temperán, adoptando, a tal efecto, os protocolos de actuación”, solicitamos que se realicen seguimentos de control para que as direccións non teñan inseguridade xurídica.

ACEPTADA

- A respecto do **artigo 25** (*Atención educativa hospitalaria e domiciliaria*), entendemos que se debería especificar quen vai realizar a “atención educativa domiciliaria” a que se refire a **alínea 4** e, ademais, queremos saber como se modificará a Sección II (*Atención educativa e hospitalaria e domiciliaria*) da **Orde 27 de decembro 2002** que este Decreto modifica.

NON CONTESTAN

- A respecto do **artigo 27** (*Alumnado sometido a medidas de protección e tutela*), preguntámonos en que está pensando a Administración cando fala de entidades privadas na **alínea 1**, pedimos que se concrete a entidades privadas sen ánimo de lucro, de non ser o caso, pedimos que se retire a colaboración con entidades privadas.

ACEPTAN ENTIDADES PRIVADAS SEN ÁNIMO DE LUCRO.

- A respecto do recollido no **artigo 29** (*Alumnado pertencente a familias itinerantes*), por seguridade xurídica para os ED, pedimos que se elabore un protocolo claro.

NON CONTESTAN

- A respecto do **artigo 30** (*Atención educativa a xoves embarazadas*) valoramos a súa incorporación a este Decreto, pois consideramos que é unha novidade importante; non obstante, alén de manifestar o noso acordo coa necesidade de apoio que precisan as alumnas embarazadas e ás súas parellas, botamos en falta que se recollan neste artigo medidas preventivas como a educación sexual nos centros, das que, de novo, se evita falar nunha orde desta Consellería. Pedimos a retirada da Lei 5/2010 de 23 de xuño xa que consideramos que se sinala neste artigo habería que facer mención a moitas e diferentes normativas no resto do articulado deste borrador.

NESTE ARTIGO ACEPTAN A RETIRADA DA CITADA LEI.

- Valoramos o enfoque sistémico, multidisciplinar e interinstitucional que se recolle na **alínea 2** do **artigo 32** (*Identificación temperá, avaliación inicial e valoración*), non obstante, entendemos que ese enfoque debe ser áxil e non ser un mecanismo que só sirva para demorar o proceso; así mesmo, demandamos que o intercambio de información sexa bidireccional, pois ben sabemos que adoito as USMIX solicitan informes aos DO sen facilitar os seus, co cal a transmisión de información é unidireccional e pouco efectiva.

NON CONTESTAN

- Entendemos que os **artigos 33** (*Avaliación psicopedagóxica*), **34** (*Informe psicopedagóxico*) e **35** (*Ditame de escolarización*), derrogan a **Orde de avaliación psicopedagóxica**, non si?

NON QUEDA DERROGADA A ORDE DE AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA, NON SE CONCRETAN OS ARTIGOS QUE SE DERROGAN.

- A respecto das ausencias deste Decreto con respecto á Orde supostamente derogada a que aludimos máis arriba, no **artigo 35** (*Ditame de escolarización*), botamos en falta unha norma a respecto de que pasará no caso de unha familia decida directamente escolarizar á súa filla ou ao seu fillo no centro de educación especial, a Orde do 31 de outubro de 1996 daba unha resposta a esta situacións, que pasará unha vez aprobado este Decreto?

NON CONTESTAN

- A respecto do **artigo 36** (*Recursos materiais*), esperamos que a dotación dos DO non dependa da implicación dos ED coa atención á diversidade.

NON CONTESTAN

- A respecto do **artigo 37** (*Recursos humanos*, que propomos modificar por Recursos persoais), demandamos que, alén de cubrir os catálogos básicos, hai que dotar de profesorado especialista de PT e AL de acordo coas necesidades do Centro e nunca como medida excepcional, demanda que, por certo, está recollida no Acordo de catálogos, de educación infantil e primaria. Neste sentido, denunciemos que hai centros con horas de PT ditaminadas polo DO e non hai profesorado para impartir e que se está a traballar con cotas de PT e AL que non cobren as necesidades dos Centros e non poden atender o que os DO ditaminan. Así mesmo, queremos saber cantas unidades será o requisito mínimo para realizar a organización da atención ao alumnado por parte do profesorado de pedagogía terapéutica e/ou audición e linguaxe e, de ser o caso, doutros profesionais específicos proposta na **alínea 3**.

A ADMINISTRACIÓN RESPONDE QUE CONTARÁN CON TODAS E TODOS OS PROFESIONAIS QUE SEXAN NECESARIOS, PODERÁ INCREMENTAR EN FUNCIÓN DO ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO.

- A respecto do **artigo 39** (*Colaboración con entidades, asociacións e outras organizacións relacionadas coa atención á diversidade*), pedimos novamente que se faga constar que a colaboración que se propón neste artigo sexa só con entidades sen ánimo de lucro.

ACEPTAN

- A respecto da “implicación das nais, pais ou titores legais do alumnado en todas aquelas medidas destinadas ao desenvolvemento integral do alumnado, particularmente nos ámbitos referidos a: mellora da autonomía, esforzo, autoestima, participación e convivencia” a que se fai alusión na **alínea 2** do **artigo 41** (*Participación e colaboración das familias*), entendemos que se debería elaborar unha normativa para levar á práctica esta promoción e implicación das familias.

NON CONTESTAN

- A respecto do **artigo 42** (*Formación*), demandamos o seguinte:
 - o primeiro, que a formación do profesorado á que se refire a **alínea 2** se realicen nos centros de ensino e dentro do horario de permanencia no centro;
 - o segundo, que os convenios ou acordos que poderá asinar a Consellería coas universidades para incluír na formación do profesorado aspectos relacionados coa atención á diversidade, aos que se aluden a **alínea 3**, se subscriban canto antes.

NON CONTESTAN.

- A respecto do **artigo 44** (*Mellora continua da calidade*), entendemos que entre os factores favorecedores da calidade na atención a diversidade aos que se refire a **alínea 2**, debe incorporarse –por consideralo prioritario–, a redución de ratios, que cando se consegue introducir nalgún acordo, caso do Acordo de agrupamentos, a Administración non ten ningún interese en cumprilo.

NON CONTESTAN

- A respecto da **Disposición derogatoria**, gustaríanos que a Administración concretase máis, pois non queda plenamente aclarado se, por exemplo, entre as ordes de menor rango que o Decreto 320/1996, do 26 de xullo, se inclúe a Orde de avaliación psicopedagóxica?

A ADMINISTRACIÓN RESPONDE QUE NON SE VAI DERROGAR A ORDE DE AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA.

Rogos e Preguntas

- **Resolución para a adscrición de novos centros ao programa Abalar:** solicitamos que se rectifique e que non sexa motivo de exclusión para os centros o non ter infraestruturas e de datos que se solicitan; así mesmo, pedimos que se subvencionen estas infraestruturas e de datos que se solicitan.

NON CONTESTAN

- Esiximos que se cubran as vacantes de 15 días por campaña electoral, ante as próximas eleccións.

A ADMINISTRACIÓN DI QUE SE CUBRIRÁN AS VACANTES NOS CASOS EXCEPCIONAIS.

- Non recibimos a acta do día 15 por correo electrónico polo que non a podemos aprobar.

QUEDA PENDENTE DE APROBAR.

A ADMINISTRACIÓN PÍDENOS ÁS DIFERENTES ORGANIZACIÓN SINDICAIS QUE LLES FAGAMOS CHEGAR AS ACHEGAS PARA VALORALAS E MELLORAR A REDACCIÓN FINAL.